

SAÚDE MENTAL SEN ATADURAS. CONTENCIÓNS CERO
Venres, 9 DE DECEMBRO DE 2022. 19:00 horas
Praza Maior de Lugo

Un ano máis, o Movemento Galego da Saúde Mental promove o acto “Saúde mental sen ataduras. Contencións cero” no marco do *Día dos Dereitos Humanos*. Nesta ocasión, **será en Lugo onde terá lugar o acto público** onde se amosa en que consiste unha contención física, onde a persoa permanece atada de mans e pés durante tempo indefinido, tras o que se dará lectura dun comunicado.

O propósito deste acto simbólico é dar a coñecer a persistencia de prácticas coercitivas na atención á saúde mental, sensibilizar á sociedade sobre as consecuencias lesivas que estas prácticas teñen na vida e dignidade das persoas e tomar conciencia da necesidade de avanzar en **dereitos que aínda hoxe non se compren de maneira efectiva**.

A existencia do uso de contencións físicas de persoas ingresadas é unha práctica considerada como **vulneración da Convención dos Dereitos das Persoas con Discapacidade** e os Estados asinantes (entre eles, España) han de comprometerse a elaborar medidas legislativas e estratexias de planificación sanitarias que promovan a súa **erradicación**.

Organismos Internacionais como a ONU, a OMS, ou o Consello de Europa instan ao obxectivo de total erradicación da contención mecánica como un feito irrevogable. Calquera consideración contraria ao enfoque dos dereitos na atención á saúde significa un **retroceso democrático nas liberdades**, sen sustento posible nas competencias científico-técnicas. Existen experiencias contrastadas que avalan a posibilidade real e efectiva da erradicación da contención mecánica. Non hai escusas.

O *Movemento Galego da Saúde Mental* anima a todas/os a participar no acto que se realizará o **venres 9 de decembro ás 19: 00 horas, na Praza Maior de Lugo**.

Saúde mental sen ataduras



En defensa dos Dereitos Humanos
CONTENCIÓNS CERO

<http://movementogalegosaudemental.gal/>
<https://www.facebook.com/movementogalegodasaudemental>
<https://twitter.com/MGSaudeMental>